

Condições xerais de utilización dos servizos do CESGA

Todos os usuarios de algún servizo prestado polo CESGA deben estar familiarizados e aceptar as seguintes condicións de uso:

Legalidade:

Os usuarios comprométese a non aceptar nin estimular prácticas que violen a lexislación española ou da Unión Europea.

Relativas á seguridade:

- Non compartir datos de acceso con ningunha outra persoa en caso de ser asignados polo persoal técnico do CESGA
- Debe utilizar sempre que proceda contrasinais seguros e descoñecidos para outras persoas
- Comprométese a non saltarse as medidas de seguridade existentes, así como a non acceder aos recursos, sistemas ou información á que non teñan autorización para acceder.
- Deberá informar os servizos de soporte do CESGA de calquera evento que implique un fallo na seguridade dos sistemas ou de calquera outro risco potencial.

Relativas á utilización:

- Comprométese a utilizar os recursos de forma eficiente e unicamente para o propósito para o que foron autorizados.
- Non utilizarán os recursos do CESGA de calquera modo que poida ofender a outros usuarios.
- Denegarán a responsabilidade dos técnicos do CESGA, no caso de que poidan sufrir calquera perda como resultado da utilización dos recursos do CESGA.
- Permitirán aos técnicos do CESGA o acceso á información xerada no CESGA e a monitorización das actividades que realicen co fin de manter o funcionamento dos recursos utilizados.
- Acepto que os recursos do CESGA non estarán sempre dispoñibles para a miña utilización do modo esperado e de denegar calquera responsabilidade sobre os técnicos do CESGA en caso de atoparme afectado pola dispoñibilidade ou calquera outro aspecto dos recursos do CESGA

Responsabilidade e sancións

Cando se demostre un uso incorrecto ou non aceptable con respecto ao especificado neste documento, o CESGA procederá á interrupción do servizo prestado, dependendo da gravidade e reiteración do incidente, ou a suspensión temporal do servizo (ou a retirada indefinida do mesmo).

As responsabilidades que puidesen derivarse da incorrecta utilización dos recursos polo usuario serán asumidas polo propio usuario.



FUNDACIÓN PÚBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓGICO DE
SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

Avda. de Vigo, s/n (campus vida)
15705 Santiago de Compostela
A Coruña - Spain
Email: informacion@cesga.es
Tfno.: (34)981569810
www.cesga.gal

O CESGA disporá os medios necesarios para permitir a consulta destas normas de forma fácil.